



# Experiencia de Deus na relixiosidade popular galega



Javier Diéguez Diéguez<sup>1</sup>

## 1.- Experiencias e experiencia

As experiencias son individuais e polo seu carácter sensible e inmediato son únicas, singulares e intransferibles. Abonda con evocar a experiencia dunha amizade concreta para caer na conta disto. Tamén, logo, a experiencia de Deus o é e, neste sentido, resulta mellor falar de experiencias de Deus: cada crente ten a súa vivencia propia do encontro coa divindade e esta experiencia só resulta comprensible deste xeito: como acaída a unha realidade persoal única nun momento único. Neste sentido é unha experiencia subxectiva, é dicir, propia dun suxeito relixioso.

Agora ben, toda experiencia está mediatizada pola cultura, pola lingua e polo discorrer histórico-social nos que acontece e resulta expresable. O elemento simbólico xoga aquí un papel, se cabe, aínda máis relevante que noutras experiencias humanas porque o compoñente simbólico da experiencia relixiosa é configurador desa mesma experiencia. Isto fai que as experiencias relixiosas transcendan dende a subxectividade cara á intersubxectividade histórico-cultural. Ou sexa, que, acoutados unha cultura, unha lingua e un momento histórico dado, podemos con rigor falar de experiencia de Deus no feito relixioso. Lingua, ritos, tempos e lugares compartidos polos crentes deben ser observados de vagar para poder transitar dende as experiencias relixiosas cara á expe-

---

<sup>1</sup> Javier Diéguez Diéguez é profesor ordinario no Instituto Teolóxico Lucense (Universidade Eclesiástica San Dámaso) e no Seminario Diocesano de Lugo.